

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 21 de decembro de 2010 pola que se regula a convocatoria para o ano 2011 da xubilación anticipada voluntaria conforme a disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

A disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que os funcionarios de carreira dos corpos docentes a que se refire a disposición adicional sétima da referida lei, así como os funcionarios dos corpos a extinguir a que se refire a disposición transitoria quinta da Lei 31/1991, de orzamentos xerais do Estado para o ano 1992, incluídos no ámbito de aplicación do réxime de clases pasivas do Estado, poderán optar a un réxime de xubilación voluntaria ata a data en que finalice o proceso de implantación desta lei establecido na disposición adicional primeira, sempre que reúnan todos e cada un dos requisitos establecidos.

O Acordo do Consello de Ministros do 26 de xaneiro de 2007 determina o importe e as condicións das gratificacións extraordinarias que aboará o Estado previstas na Lei orgánica de educación para os funcionarios que imparten docencia en niveis non universitarios.

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de febreiro de 2000 establécese o importe e as condicións das gratificacións extraordinarias que aboará a Xunta de Galicia para incentivar a xubilación voluntaria dos funcionarios docentes que imparten docencia en niveis non universitarios, compatibles coas previstas no parágrafo anterior.

Mediante o Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, e pola Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, adóptanse medidas extraordinarias para a redución do déficit público, polo que as cantidades, en concepto de gratificación, son as que se publican no anexo II desta orde.

En virtude do exposto, esta consellería

### DISPÓN:

Primeiro.-Poderán solicitar a xubilación anticipada voluntaria, con efectividade do 31 de agosto do ano 2011, os funcionarios docentes con destino nesta comunidade autónoma incluídos no ámbito de aplicación do réxime de clases pasivas do Estado pertencentes a algún dos seguintes corpos:

- Corpo de mestres.
- Corpo de catedráticos de ensino secundario.
- Corpo de profesores de ensino secundario.
- Corpo de profesores técnicos de formación profesional.
- Corpo de catedráticos de música e artes escénicas.

- Corpo de profesores de música e artes escénicas.
- Corpo de catedráticos de artes plásticas e deseño.
- Corpo de profesores de artes plásticas e deseño.
- Corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño.
- Corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas.
- Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas.
- Corpos e escalas declaradas a extinguir con anterioridade á vixencia da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.
- Corpo de inspectores de educación.

Segundo.-Os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos.

a) Ter permanecido en activo ininterrompidamente nos quince anos anteriores á presentación da solicitude en postos pertencentes aos correspondentes cadros de persoal de centros docentes ou que durante unha parte dese período permanecesen en situación de servizos especiais ou ocupasen un posto de traballo que dependese funcional ou organicamente das administracións educativas ou ben se lles concedese excedencia por algún dos supostos establecidos no artigo 57º.4 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

b) Ter feitos sesenta anos de idade en 31 de agosto do ano 2011.

c) Ter acreditados un mínimo de quince anos de servizos efectivos ao Estado, en 31 de agosto de 2011.

Terceiro.-Os funcionarios que se xubilen de acordo co disposto na disposición transitoria segunda da Lei orgánica de educación que teñan acreditados no momento da xubilación polo menos vinte e oito anos de servizos efectivos ao Estado, segundo a idade, corpo de pertenza e anos de servizo efectivos, percibirán por unha soa vez unha contía, en concepto de gratificación. A contía da gratificación publícase no anexo II desta orde.

### Cuarto

1. Os funcionarios dos corpos docentes a que se refire a disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, acollidos a réximes de Seguridade Social ou de previsión distintos do de clases pasivas, poderán optar, no momento da solicitude da xubilación voluntaria, por incorporarse ao réxime de clases pasivas do Estado, para os efectos do dereito aos beneficios establecidos na presente disposición, así como á súa integración no réxime especial de funcionarios civís do Estado.

2. Os funcionarios de carreira dos corpos docentes acollidos a réximes da Seguridade Social ou de previsión distintos do de clases pasivas que non exerzan a opción establecida no parágrafo anterior, poderán percibir as gratificacións extraordinarias nun importe equivalente ao dobre das que se publican no anexo II a esta orde, sempre que causen baixa definitiva na súa prestación de servizos ao Estado por xubilación voluntaria ou por renuncia á súa condi-

ción de funcionario, e reúnan os requisitos establecidos nos puntos terceiro e cuarto desta orde.

Quinto.-As solicitudes deberán presentarse ata o día 28 de febreiro do 2011, segundo o modelo que se publica como anexo I, nos departamentos territoriais correspondentes ao centro de destino do solicitante ou nos lugares e forma que determina o artigo 38º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sexto.-Unha vez iniciado o procedemento unicamente serán aceptadas as renuncias que se presenten con anterioridade ao 15 de marzo de 2011.

Sétimo.-A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos resolverá as solicitudes presentadas e, can-

do proceda, propondrá a resolución de xubilación anticipada voluntaria con indicación da contía de gratificación extraordinaria e diferenciando entre a establecidas nas alíneas a) e b) do punto cuarto desta orde.

Oitavo.-Coo paga ordinaria do último mes de servizo activo percibirase a totalidade da gratificación estatal e o corenta por cento da establecida pola Xunta de Galicia. O sesenta por cento restante será aboadado nas mesmas datas que a nómina do mes de marzo do ano inmediatamente seguinte.

Noveno.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

#### ANEXO I

#### Xubilación voluntaria anticipada

SOLICITANTE	
Don/dona..... con DNI..... e NRP..... ....., data de nacemento (*)..... e enderezo en..... ....., nº de teléfono....., código postal .....concello de..... ....., provincia de....., funcionaria de carreira do corpo de ..... .....adquirida a condición de:	
Catedrático	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Con destino en.....concello de ....., acredita un total de .....anos.....meses e .....días de servizos efectivos ao Estado en 31 de agosto.	
<b>DECLARA:</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ter permanecido en activo ininterrompidamente nos quince anos anteriores á presentación desta solicitude en postos docentes, para estes efectos compútase o tempo que se permanecese na situación de servizos especiais ou ocupando postos dependentes funcional ou orgánicamente das administracións educativas, así como a situación de excedencia por algún dos supostos establecidos no artigo 57º.4 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.</li> <li>▪ Ter feitos sesenta anos ou facelos con anterioridade ao 31 de agosto de 2011.</li> </ul>	
<b>SOLICITA:</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A xubilación prevista na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio).</li> <li>▪ No caso dos funcionarios incluídos en réximes de seguridade social ou de previsión distintos do de clases pasivas poden optar por quedar integrados neste último a partir do 31 de agosto do presente ano (márquese o que proceda): Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/></li> </ul>	
..... de ..... de 2011. Asdo.: .....	
DATOS QUE CUBRIRÁ A ADMINISTRACIÓN	
Don/dona....., xefe/a do departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de ..... CERTIFICO que .....acredita.....anos.....meses e .....días, á vista do seu expediente persoal en 31 de agosto de 2011. O que certifico en ..... de ..... de 2011. Sinatura e selo	

**ANEXO II**  
**Táboas de gratificacións**  
**Ano 2011**

Corpo de mestres

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GL	1.810,87	1.861,56	1.861,56	1.861,56	1.912,27	1.912,27	1.912,27	1.962,97
	GX	3.165,50	3.254,14	3.254,14	3.254,14	3.342,77	3.342,77	3.342,77	3.431,40
	T	<b>4.976,37</b>	<b>5.115,70</b>	<b>5.115,70</b>	<b>5.115,70</b>	<b>5.255,04</b>	<b>5.255,04</b>	<b>5.255,04</b>	<b>5.394,37</b>
63	GL	1.970,51	1.970,51	1.970,51	2.021,21	2.021,21	2.021,21	2.078,77	2.078,77
	GX	3.444,57	3.444,57	3.444,57	3.533,21	3.533,21	3.533,21	3.633,83	3.633,83
	T	<b>5.415,08</b>	<b>5.415,08</b>	<b>5.415,08</b>	<b>5.554,42</b>	<b>5.554,42</b>	<b>5.554,42</b>	<b>5.712,60</b>	<b>5.712,60</b>
62	GL	2.078,77	2.078,77	2.137,00	2.137,00	2.137,00	2.194,56	2.441,21	2.861,21
	GX	3.633,83	3.633,83	3.735,62	3.735,62	3.735,62	3.836,22	4.267,42	5.001,59
	T	<b>5.712,60</b>	<b>5.712,60</b>	<b>5.872,62</b>	<b>5.872,62</b>	<b>5.872,62</b>	<b>6.030,78</b>	<b>6.708,63</b>	<b>7.862,80</b>
61	GL	2.187,70	2.245,25	2.245,25	2.245,25	2.600,17	3.048,94	3.577,88	4.200,68
	GX	3.824,25	3.924,85	3.924,85	3.924,85	4.545,26	5.329,77	6.254,37	7.343,08
	T	<b>6.011,95</b>	<b>6.170,10</b>	<b>6.170,10</b>	<b>6.170,10</b>	<b>7.145,43</b>	<b>8.378,71</b>	<b>9.832,25</b>	<b>11.543,76</b>
60	GL	2.245,25	2.245,25	2.578,23	3.027,71	3.549,11	4.164,37	4.881,73	5.721,72
	GX	3.924,85	3.924,85	4.506,93	5.292,62	6.204,06	7.279,61	8.533,59	10.001,97
	T	<b>6.170,10</b>	<b>6.170,10</b>	<b>7.085,16</b>	<b>8.320,33</b>	<b>9.753,17</b>	<b>11.443,98</b>	<b>13.415,32</b>	<b>15.723,69</b>

GL: gratificación LOE

GX: gratificación Xunta

T: total

GX: gratificación Xunta

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GX	3.165,50	3.254,14	3.254,14	3.254,14	3.342,77	3.342,77	3.342,77	3.431,40
63	GX	3.444,57	3.444,57	3.444,57	3.533,21	3.533,21	3.533,21	3.633,83	3.633,83
62	GX	3.633,83	3.633,83	3.735,62	3.735,62	3.735,62	3.836,22	4.267,42	5.001,59
61	GX	3.824,25	3.924,85	3.924,85	3.924,85	4.545,26	5.329,77	6.254,37	7.343,08
60	GX	3.924,85	3.924,85	4.506,93	5.292,62	6.204,06	7.279,61	8.533,59	10.001,97

Corpo de profesores técnicos de formación profesional ou corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GL	1.810,87	1.861,56	1.861,56	1.861,56	1.912,27	1.912,27	1.912,27	1.962,97
	GX	3.165,50	3.254,14	3.254,14	3.254,14	3.342,77	3.342,77	3.342,77	3.431,40
	T	<b>4.976,37</b>	<b>5.115,70</b>	<b>5.115,70</b>	<b>5.115,70</b>	<b>5.255,04</b>	<b>5.255,04</b>	<b>5.255,04</b>	<b>5.394,37</b>
63	GL	1.970,51	1.970,51	1.970,51	2.021,21	2.021,21	2.021,21	2.078,77	2.078,77
	GX	3.444,57	3.444,57	3.444,57	3.533,21	3.533,21	3.533,21	3.633,83	3.633,83
	T	<b>5.415,08</b>	<b>5.415,08</b>	<b>5.415,08</b>	<b>5.554,42</b>	<b>5.554,42</b>	<b>5.554,42</b>	<b>5.712,60</b>	<b>5.712,60</b>
62	GL	2.078,77	2.078,77	2.137,00	2.137,00	2.137,00	2.476,83	2.896,84	3.403,85
	GX	3.633,83	3.633,83	3.735,62	3.735,62	3.735,62	4.329,66	5.063,86	5.950,14
	T	<b>5.712,60</b>	<b>5.712,60</b>	<b>5.872,62</b>	<b>5.872,62</b>	<b>5.872,62</b>	<b>6.806,49</b>	<b>7.960,70</b>	<b>9.353,99</b>
61	GL	2.187,71	2.245,25	2.245,25	2.636,48	3.092,78	3.628,58	4.251,39	4.983,13
	GX	3.824,25	3.924,85	3.924,85	4.608,74	5.407,61	6.343,01	7.431,71	8.710,85
	T	<b>6.011,96</b>	<b>6.170,10</b>	<b>6.170,10</b>	<b>7.245,22</b>	<b>8.500,39</b>	<b>9.971,59</b>	<b>11.683,10</b>	<b>13.693,98</b>
60	GL	2.245,25	2.614,55	3.064,02	3.592,26	4.215,07	4.939,28	5.793,66	6.800,84
	GX	3.924,85	4.570,42	5.356,10	6.279,52	7.368,24	8.634,20	10.127,73	11.888,35
	T	<b>6.170,10</b>	<b>7.184,97</b>	<b>8.420,12</b>	<b>9.871,78</b>	<b>11.583,31</b>	<b>13.573,48</b>	<b>15.921,39</b>	<b>18.689,19</b>

GL: gratificación LOE

GX: gratificación Xunta

T: total

GX: gratificación Xunta

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GX	3.165,50	3.254,14	3.254,14	3.254,14	3.342,77	3.342,77	3.342,77	3.431,40
63	GX	3.444,57	3.444,57	3.444,57	3.533,21	3.533,21	3.533,21	3.633,83	3.633,83
62	GX	3.633,83	3.633,83	3.735,62	3.735,62	3.735,62	4.329,66	5.063,86	5.950,14
61	GX	3.824,25	3.924,85	3.924,85	4.608,74	5.407,61	6.343,01	7.431,71	8.710,85
60	GX	3.924,85	4.570,42	5.356,10	6.279,52	7.368,24	8.634,20	10.127,73	11.888,35

Corpo de profesores de ensino secundario, corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, corpo de profesores de música e artes escénicas ou corpo de profesores de artes plásticas e deseño

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GL	2.165,77	2.230,87	2.230,87	2.230,87	2.289,11	2.289,11	2.289,11	2.354,20
	GX	3.785,92	3.899,71	3.899,71	3.899,71	4.001,50	4.001,50	4.001,50	4.115,28
	T	<b>5.951,69</b>	<b>6.130,58</b>	<b>6.130,58</b>	<b>6.130,58</b>	<b>6.290,61</b>	<b>6.290,61</b>	<b>6.290,61</b>	<b>6.469,48</b>
63	GL	2.361,04	2.361,04	2.361,04	2.426,14	2.426,14	2.426,14	2.491,92	2.491,92
	GX	4.127,27	4.127,27	4.127,27	4.241,05	4.241,05	4.241,05	4.356,03	4.356,03
	T	<b>6.488,31</b>	<b>6.488,31</b>	<b>6.488,31</b>	<b>6.667,19</b>	<b>6.667,19</b>	<b>6.667,19</b>	<b>6.847,95</b>	<b>6.847,95</b>
62	GL	2.491,92	2.491,92	2.557,00	2.557,00	2.557,00	2.628,94	2.896,84	3.403,85
	GX	4.356,03	4.356,03	4.469,80	4.469,80	4.469,80	4.595,57	5.063,86	5.950,14
	T	<b>6.847,95</b>	<b>6.847,95</b>	<b>7.026,80</b>	<b>7.026,80</b>	<b>7.026,80</b>	<b>7.224,51</b>	<b>7.960,70</b>	<b>9.353,99</b>
61	GL	2.622,10	2.694,72	2.694,72	2.694,72	3.092,78	3.628,58	4.251,39	4.983,13
	GX	4.583,58	4.710,54	4.710,54	4.710,54	5.406,40	6.343,01	7.431,71	8.710,85
	T	<b>7.205,68</b>	<b>7.405,26</b>	<b>7.405,26</b>	<b>7.405,26</b>	<b>8.499,18</b>	<b>9.971,59</b>	<b>11.683,10</b>	<b>13.693,98</b>

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
60	GL	2.694,72	2.694,72	3.064,02	3.592,26	4.215,07	4.939,28	5.793,66	6.800,84
	GX	4.710,54	4.710,54	5.356,10	6.279,52	7.368,24	8.634,20	10.127,73	11.888,35
	T	<b>7.405,26</b>	<b>7.405,26</b>	<b>8.420,12</b>	<b>9.871,78</b>	<b>11.583,31</b>	<b>13.573,48</b>	<b>15.921,39</b>	<b>18.689,19</b>

GL: gratificación LOE

GX: gratificación Xunta

T: total

GX: gratificación Xunta

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GX	3.785,92	3.899,71	3.899,71	3.899,71	4.001,50	4.001,50	4.001,50	4.115,28
63	GX	4.127,27	4.127,27	4.127,27	4.241,05	4.241,05	4.241,05	4.356,03	4.356,03
62	GX	4.356,03	4.356,03	4.469,80	4.469,80	4.469,80	4.595,57	5.063,86	5.950,14
61	GX	4.583,58	4.710,54	4.710,54	4.710,54	5.406,40	6.343,01	7.431,71	8.710,85
60	GX	4.710,54	4.710,54	5.356,10	6.279,52	7.368,24	8.634,20	10.127,73	11.888,35

Corpo de inspectores de educación, corpo de inspectores ao servizo da administración educativa ou corpos coa condición de catedráticos

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GL	2.165,77	2.230,87	2.230,87	2.230,87	2.289,11	2.289,11	2.289,11	2.354,20
	GX	3.785,92	3.899,71	3.899,71	3.899,71	4.001,50	4.001,50	4.001,50	4.115,28
	T	<b>5.951,69</b>	<b>6.130,58</b>	<b>6.130,58</b>	<b>6.130,58</b>	<b>6.290,61</b>	<b>6.290,61</b>	<b>6.290,61</b>	<b>6.469,48</b>
63	GL	2.361,04	2.361,04	2.361,04	2.426,14	2.426,14	2.426,14	2.491,92	2.723,50
	GX	4.127,27	4.127,27	4.127,27	4.241,05	4.241,05	4.241,05	4.356,03	4.760,85
	T	<b>6.488,31</b>	<b>6.488,31</b>	<b>6.488,31</b>	<b>6.667,19</b>	<b>6.667,19</b>	<b>6.667,19</b>	<b>6.847,95</b>	<b>7.484,35</b>
62	GL	2.491,92	2.491,92	2.557,00	2.557,00	2.810,51	3.295,59	3.867,70	4.533,67
	GX	4.356,03	4.356,03	4.469,80	4.469,80	4.912,95	5.760,92	6.761,00	7.925,18
	T	<b>6.847,95</b>	<b>6.847,95</b>	<b>7.026,80</b>	<b>7.026,80</b>	<b>7.723,46</b>	<b>9.056,51</b>	<b>10.628,70</b>	<b>12.458,85</b>
61	GL	2.622,10	2.694,72	2.998,24	3.512,79	4.121,20	4.831,03	5.663,48	6.641,20
	GX	4.583,58	4.710,54	5.241,13	6.140,59	7.204,15	8.444,97	9.900,18	11.609,28
	T	<b>7.205,68</b>	<b>7.405,26</b>	<b>8.239,37</b>	<b>9.653,38</b>	<b>11.325,35</b>	<b>13.276,00</b>	<b>15.563,66</b>	<b>18.250,48</b>
60	GL	2.969,46	3.484,01	4.084,90	4.787,18	5.612,79	6.583,65	7.727,85	9.052,95
	GX	5.190,82	6.090,29	7.140,67	8.368,31	9.811,53	11.508,67	13.508,83	15.825,18
	T	<b>8.160,28</b>	<b>9.574,30</b>	<b>11.225,57</b>	<b>13.155,49</b>	<b>15.424,32</b>	<b>18.092,32</b>	<b>21.236,68</b>	<b>24.878,13</b>

GL: gratificación LOE

GX: gratificación Xunta

T: total

GX: gratificación Xunta

Idade/Servizos		28	29	30	31	32	33	34	35 ou máis
64	GX	3.785,92	3.899,71	3.899,71	3.899,71	4.001,50	4.001,50	4.001,50	4.115,28
63	GX	4.127,27	4.127,27	4.127,27	4.241,05	4.241,05	4.241,05	4.356,03	4.760,85
62	GX	4.356,03	4.356,03	4.469,80	4.469,80	4.912,95	5.760,92	6.761,00	7.925,18
61	GX	4.583,58	4.710,54	5.241,13	6.140,59	7.204,15	8.444,97	9.900,18	11.609,28
60	GX	5.190,82	6.090,29	7.140,67	8.368,31	9.811,53	11.508,67	13.508,83	15.825,18

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 26 de novembro de 2010 pola que se ratifica o acordo de extinción da Fundación Milenio e se dispón a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

Visto o expediente de extinción da *Fundación Milenio* presentado ante este protectorado de fundacións de interese galego,

Feitos:

Primeiro.-Con data do 14 de xullo de 2010 tivo entrada no rexistro da Consellería de Traballo e Benestar solicitude de ratificación do acordo de extinción da *Fundación Milenio*, adoptado polo padroado, e a solicitude da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Segundo.-A fundación foi constituída en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela o 20 de setembro de 2002 pola Xunta de Galicia, polo que ten a condición de fundación do sector público de Galicia, foi clasificada como benéfico-social pola orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 13 de novembro de 2002 (DOG nº 227, do 25 de novembro), e declarada de interese galego por orde da entón Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude do 16 de decembro de 2002 (DOG nº 248, do 24 de decembro). Figura inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2002/26 e está adscrita ao protectorado da Consellería de Traballo e Benestar.

Terceiro.-O obxecto da fundación segundo establece o artigo 5º dos estatutos é a realización de calquera actividade, legalmente posible, tendente á articulación dun enfoque territorial na creación de empre-